



## APERTURA DO CURSO ACADÉMICO NO ÁLVARO CUNQUEIRO

- *A Área Sanitaria de Vigo recibiu hoxe a 99 estudantes de sexto curso da Facultade de Medicina de Santiago, que elixiron os centros sanitarios vigueses para realizar o seu último ano do grao*
- *Este ano impartirán o curso de práctica clínica un total de 28 profesores asociados e 752 colaboradores*

**Vigo, 11 de setembro de 2023.** A Área Sanitaria de Vigo recibiu hoxe aos alumnos e alumnas da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago que cursarán sexto ano de grao nos centros sanitarios públicos vigueses. En total son 99 estudantes (79 mulleres e 20 homes).

Desde o ano 2014, no que se recibiu aos primeiros alumnos de 6º de medicina (11 estudantes) ata a actualidade, formáronse a case 800 estudantes na práctica clínica. Con esta nova promoción que inicia hoxe o curso consolídase así a capacidade docente da sanidade pública viguesa.

O acto de recepción destes estudantes foi presidido polo xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, que estivo acompañado pola coordinadora da Docencia de Grao, Ana Concheiro.



### Equipo docente

Os alumnos de Medicina realizan o seu último ano nun hospital, cun curso práctico no que se lles imparte un programa docente baseado na rotación por diferentes especialidades médicas e cirúrxicas. En total, traballan sete materias: clínica médica, clínica cirúrxica, urxencias e servizos centrais, clínica obstétrica e xinecolóxica, clínica pediátrica, clínica psiquiátrica e medicina familiar e comunitaria. Durante este período lectivo, os alumnos cumpren un horario de 8.00 a 15.00 horas, e tamén realizan gardas.

O equipo docente está composto por 28 profesores asociados e 752 colaboradores docentes.

Na actualidade, na Área Sanitaria de Vigo hai un total de 1500 estudantes, ademais dos de Medicina, que cursan diversas disciplinas nos centros asistenciais.